



PROXECTO EDUCATIVO
CEIP PLURILINGÜE MONTE BALIÑO

Informado polo Claustro de profesores: 13/04/2021

Avaliado polo Consello Escolar: 22/04/2021

Aprobado pola Dirección: 22/04/2021

Índice

Introdución

Marco lexislativo

CAPÍTULO I: CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO ESCOLAR E SINAIS DE IDENTIDADE

Disposicións xerais.

- 1.- Características do contorno escolar e necesidades específicas
 - 1.1. Contorno social, económico e culturais
 - 1.2. Contorno lingüístico
 - 1.3. Necesidades educativas a satisfacer
2. - Sinais de identidade
 - 2.1. Características do centro
 - 2.1.1. Infraestruturas e recursos materiais
 - 2.1.2. O alumnado
 - 2.1.3. O profesorado
 - 2.1.4. O persoal non docente
 - 2.1.5. Oferta educativa
 - 2.1.6. Horario xeral do centro
 - 2.1.7. Servizos complementarios
 - 2.2. Valores, principios e fins
 - 2.2.1. Valores
 - 2.2.2. Principios de identidade
 - 2.2.3. Fins educativos
 - 2.3. Obxectivos xerais
 - 2.4. Prioridades de actuación

CAPÍTULO II: DESENVOLVEMENTO CURRICULAR

1. Oferta educativa
2. Adecuación dos obxectivos ao contexto socioeconómico e cultural e ao alumnado
 - 2.1. Obxectivos da Educación infantil
 - 2.2. Obxectivos da Educación Primaria
3. Decisións xerais sobre a metodoloxía
 - 3.1. Tecnoloxías aplicadas ao coñecemento (TAC)
4. Contribución da etapa á consecución das competencias básicas
5. Criterios xerais do centro sobre avaliación
6. Criterios xerais do centro sobre promoción

7. Criterios para a concesión da mención honorífica
8. Liñas xerais de atención á diversidade
9. Criterios para o tratamento transversal nas áreas da educación en valores
10. Criterios xerais do centro para a elaboración das programacións
11. Materias de libre configuración
12. Promoción de estilos de vida saudables
13. O desenvolvemento do proxecto bilingüe

CAPÍTULO III: PLANS E PROGRAMAS

1. Proxecto Lingüístico
2. Proxecto Lector
3. Plan de Integración das TIC
4. Plan de Atención á Diversidade
5. Plan de Orientación e Acción Titorial
6. Plan específico de reforzo ou recuperación e apoio
7. Plan de convivencia

CAPÍTULO IV

Difusión, revisión e avaliación do Proxecto Educativo

- *Difusión do Proxecto Educativo*
- *Revisión e Avaliación do Proxecto Educativo*

1. Introducción.

O **Capítulo II** do **Título V** da **Lei Orgánica 2/2006** de Educación (LOE), modificada pola **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), regula a **autonomía dos centros**.

Os centros docentes terán autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo (Artº 120.2) Seguindo a definición de Rey, R. e Santa María, J.M. (2000): *...“o PE é un instrumento con proxección de futuro, pensado e elaborado pola comunidade escolar, a partir da propia realidade, que actúa de modo coherente sobre a práctica docente coa intención de melloralala, e dota aos centros da eficacia necesaria para alcanzar os obxectivos pretendidos e que inclúe todos os aspectos esenciais do centro”.*

2. Marco lexislativo.

Para a elaboración deste documento tívose en conta a seguinte normativa:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE_ BOE 04.05.06), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE_ BOE 10.12.2013)
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15.07.11) _Artº 10
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG 27,01,15)
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario (DOG25,05,10)
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG 21.10.96) Artº 86, 87 e 88.
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da _Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG 02.09.97) Capítulo I
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CCAA de Galicia nos que se imparten as ensinanzas LOE (DOG 21.12.11) Sección terceira
- Decreto 105/2014. do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG_09.09.14)

- Decreto 330/2009. do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23.06.09)
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 10.06.16)
- Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes (DOG 24.07.07)
- Orde 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario (DOG 20.05.11) Artº 3.5
- ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- Circular 2/2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se precisan aspectos da Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación

CAPÍTULO I: CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO ESCOLAR E SINAIS DE IDENTIDADE

Disposicións xerais.

1.- Características do contorno escolar e necesidades específicas



1.1. Contorno social, económico e culturais

O CEIP "Plurilingüe Monte Baliño" de Pantón, está encravado na zona urbana da vila de Ferreira de Pantón, situado na Estrada de Escairón s/n.

O centro está situado nunha zona rural, de importante actividade vinícola, entre os ríos Miño, Sil e Cabe ademais de estar atravesado por outros: o Ferreira e Carabelos. Unha poboación envellecida de 2974 habitantes distribuída nos seus 143 km², dos cales son menores de 14 anos 134 persoas, o que corresponde a un 4,5% da poboación.

O censo de pais/nais é de algo menos de cen, polo que se pode dicir que os matrimonios teñen moi poucos fillos (moitos son fillos únicos). Existe unha soa Asociación de pais e nais.

Podemos afirmar que unha parte importante da poboación está ocupada no sector primario e o restos nos outros dous (aínda que ultimamente o sector servizos esta collendo un auxe moi importante). O nivel socio-cultural pódese catalogar como medio (moitas familias só teñen estudos primarios). Aínda que hai algunhas familias que contan con estudos superiores.

1.2. Contorno lingüístico

A maior parte da poboación é galego-parlante.

1.3. Necesidades educativas a satisfacer

As necesidades educativas están en clara consonancia coa análise feita anteriormente sobre a situación socioeconómica, cultural e lingüística da zona. A tenor do exposto, as necesidades educativas a satisfacer na poboación escolar son as seguintes:

- Compensar a situación de partida desfavorecida de gran parte do alumnado, especialmente en cuanto á súa contorna cultural, tratando de chegar a unha situación de equilibrio co fin de asegurar a igualdade de oportunidades para todo o alumnado.
- Preparar ao alumnado para abordar con garantías a Educación Secundaria Obrigatoria.
- Formar cidadáns comprometidos coa igualdade de oportunidades de homes e mulleres

2. **Sinais de identidade.**

2.1. Características do centro

Tipo de centro..... **C.E.I.P.**

Denominación oficial..... **C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE BALIÑO de Pantón**

Código do centro.....**27009050**

Situación.....**Ferreira de Pantón**

Provincia..... **Lugo**

Enderezo..... **Rúa Cardenal Páramo Somoza Nº12**

Código Postal..... **27430**

Teléfono..... **982 82 82 15/16**

N.I.F..... **Q-7755239-F**

2.1.1. Infraestruturas e recursos materiais

- Número de Edificios: 2
- Número de Aulas: 11

Biblioteca:

Espazo dotado con libros catalogados por idades, por temáticas e linguas que os nenos/as poden consultar ou levar a casa. Conta cunha pizarra dixital, proxector e ordenador portátil conectado á dita pizarra. Recunchos adaptados para o fomento da creatividade, para o traballo a través das novas tecnoloxías como a robótica (escornabots) e con espazo de incluteca.

Aula de música/radio:

É un aula destinada a materia de música onde se habilitou un recuncho para fomentar a radio escolar entre o alumnado.

Ximnasio:

Situado na planta baixa do Colexio, conta cun espazo grande con cuberta especial para a realización de actividades deportivas e un baño amplo con duchas e almacén para gardar o material de Ed. Física.

Almacén:

Situado no ximnasio para gardar material para uso escolar como folios, cartolinas, material de oficina ...

Pistas polideportivas:

Temos dúas pistas polideportivas, unha cuberta e outra descuberta e unha zona de xogos con columpios destinados aos máis cativos do Centro.

Sala de Mestres/as:

Na planta baixa do Colexio temos unha sala para que os Mestres/as poidan traballar e tamén facer as reunión de Claustros e de Consello Escolar.

Comedor Escolar:

É un espazo moi amplo, con capacidade para máis alumnos/as dos que hai neste momento. Ten varios ventanais por onde entra bastante luz.

2.1.2. O alumnado

O alumnado do noso centro procede maioritariamente do entorno rural (principalmente aldeas). A maioría destes alumn@s son castelán-falantes a pesar de provir dun entorno galego-parlante.

2.1.3. O profesorado

Postos de traballo:

- Ed. Infantil: 1
- Ed. Primaria: 2
- Lingua Inglesa: 1
- Ed. Musical: 1
- Ed. Física: 1
- Pedagogía Terapéutica: 1
- Relixión Católica: 1 (Compartida)
- Orientación: 1 (Compartida)

2.1.4. O persoal non docente

No Centro traballan, ademais do equipo docente, unha limpadora contratada polo Concello, unha cociñeira e unha cuidadora.

2.1.5. Oferta educativa

- Educación Infantil.
- Educación Primaria.

2.1.6. Horario xeral do centro

Para o alumnado:

Mañá: 09:45 – 13:15 horas

Tarde: 14:15 – 15:45 horas (Agás os martes que permanecen no centro ata as 17:30 debido ao transporte escolar)

Comedor:

13:15 a 14:15 horas.

Para o profesorado:

Ademais das horas lectivas coincidentes cas do alumnado o profesorado terá horas de permanencia obrigatoria no centro adicadas a reunións, coordinacións e titorías. Quedando especificadas nos diferentes documentos anuais de centro.

2.1.7. Servizos complementarios

❖ **Comedor escolar.**

Todos os alumnos/as do centro e o resto do persoal da comunidade educativa, poden facer uso do comedor escolar, sempre e cando haxa prazas vacantes, respectando a lexislación vixente.

Obxectivos:

- Facilitar a escolarización do alumnado que non conta con servizo de transporte ao mediodía.
Proporcionar aos alumnos/as unha dieta equilibrada que contribúa ó seu mellor desenvolvemento.
- Fomentar nos alumnos/as a adquisición de hábitos dietéticos e hixiénicos-alimentarios adecuados.
- Facilitar a convivencia entre os alumnos/as e destes cos restantes membros da comunidade educativa.
- Fomentar a responsabilidade dos alumnos/as maiores coa súa colaboración dentro da organización do comedor.

❖ **Transporte escolar.**

Todos os nenos/as do Centro poderán utilizar o transporte escolar cando residan a máis de dous quilómetros de distancia do Colexio. As rutas crearanse ou modificaranse en función das necesidades dos nenos/as.

2.2. Valores, principios e fins

2.2.1. Valores

Pluralismo

Educarase ao alumnado para vivir nunha sociedade plural na que se debe respectar ao demais.

Convivencia pacífica

Favorecerase un bo clima de convivencia e facilitaranse ferramentas para a solución pacífica de conflitos.

Valores democráticos

Transmitiranse os valores dunha sociedade democrática: respecto cara aos demais e cara a un mesmo, o sentido da liberdade ligado ao da responsabilidade, a solidariedade, o respecto á xustiza, a satisfacción polo traballo ben feito e o interese pola participación na mellora da sociedade.

2.2.2. Principios de identidade

Atención ao alumnado

O alumnado son o principal núcleo de atención e serán os protagonistas da súa propia aprendizaxe.

Aconfesionalidade

O centro respectará a pluralidade ideolóxica, especialmente nos aspectos políticos e relixiosos.

Calidade

Calidade de educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.

Equidade

Equidade na educación, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade. A educación é o instrumento máis poderoso para compensar as desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, especialmente as que se derivan de calquera tipo de discapacidade.

2.2.3. Fins educativos

Formación plena

Proporcionar ao alumnado unha formación plena que lle permita o desenvolvemento da súa capacidade para exercer, de xeito crítico e nunha sociedade plural, a liberdade, a tolerancia e a solidariedade.

Transmisión de valores

Transmitir e exercitar os valores que fan posible a vida en sociedade, singularmente o respecto a todos os dereitos e liberdades fundamentais e adquirir os hábitos de convivencia democrática e do respecto mutuo.

2.3. Obxectivos xerais

Como colexio público plantexámonos unhas metas a acadar:

- Unha escola, que partindo do entorno, sexa capaz de solventar as súas carencias.

- Fomentar unha educación en valores que englobe toda a comunidade educativa.
- Fomentar a solidariedade e integración de todos os seus membros.
- Fomentar o respecto por si mesmo e polos demais baseado na cooperación, diálogo e tolerancia; de forma participativa e pluralista.
- Compromiso co medio ambiente e cas situacións máis desfavorecidas nas relacións humanas, socioculturais, económicas e políticas.
- Basearse nas experiencias dos propios alumnos/as.
- Potenciar o uso das linguas oficiais da nosa comunidade autónoma

2.4. Prioridades de actuación

Compensación das desigualdades

Aplicaranse todas as medidas compensatorias necesarias co fin de asegurar a igualdade de oportunidade do alumnado do centro, independentemente da súa orixe familiar, da súa contorna social e cultura e das súas posibilidades económicas.

Atención á diversidade

Aplicaranse as medidas educativas necesarias de atención á diversidade que posibiliten ao alumnado desenvolver ao máximo as súas capacidades e competencias.

Preparación para os retos da sociedade do coñecemento

Utilizaranse todos os medios e recursos necesarios para preparar ao alumnado de xeito que sexa quen de enfrontarse a unha sociedade tecnolóxica e en continuo cambio.

CAPÍTULO II: DESENVOLVEMENTO CURRICULAR

1. Oferta educativa

- Educación Infantil.
- Educación Primaria.

2. Adecuación dos obxectivos ao contexto socioeconómico e cultural e ao alumnado.

2.1. Obxectivos da Educación infantil

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

2.2. Obxectivos da Educación Primaria

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3. Decisións xerais sobre a metodoloxía.

3.1. Tecnoloxías aplicadas ao coñecemento (TAC)

O centro fomentará na medida das súas posibilidades a introdución das Novas Tecnoloxías dende os cursos máis baixos. En quinto e sexto de Educación Primaria, o centro está incluído na rede de centros EdixGal.

Fomentárase o uso de táblets, iniciación a robótica, ordenadores, pizarras dixitais, aula virtual, etc.

4. Contribución da etapa á consecución das competencias básicas.

As competencias, para o decreto 105/2014, son capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, con fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

A competencia clave constitúe a dotación cultural mínima que calquera cidadán

debe adquirir.

A competencia é a forma en que as persoas logran mobilizar todos os seus recursos persoais (cognitivos, afectivos, sociais, etc.) para acadar o éxito na resolución de una tarefa en diferentes contextos definidos. As competencias constitúen un tipo de aprendizaxe que se sitúa entre os comportamentos e as capacidades.

Para o efecto do decreto as competencias clave son as seguintes:

- 1º. Comunicación lingüística (CCL).
- 2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3º. Competencia dixital (CD).
- 4º. Aprender a aprender (CAA).
- 5º. Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- 7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Debe potenciarse o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

A contribución de cada área ao desenvolvemento das competencias claves pódese contemplar dende un dobre enfoque. En primeiro lugar, resaltando aqueles aspectos das competencias que poden ser desenrolados. E, en segundo lugar, dende a óptica dos criterios de avaliación como referentes fundamentais.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

A adquisición dunha competencia clave supón: a adquisición de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamentos que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

Caracterízanse pola súa transversalidade, dinamismo xa que non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que vanse desenvolvendo e van adquirindo maiores niveis de desempeño, o seu carácter integral, debe abordarse dende todas as áreas de coñecementos.

As competencias clave deben de estar integradas nas áreas ou materias das propostas curriculares.

a). COMPETENCIA COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL) : é a habilidade para expresar ou interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións de forma oral e escrita, para interactuar lingüisticamente dun xeito axeitado. Mediante esta competencia o alumnado pode expresar as súas propias vivencias, falar de comportamentos e establecer vínculos co seu ámbito. Adquirir esta competencia supón o uso eficaz da lingua en contextos múltiples, orais e escritos, e o uso funcional da lingua estranxeira (inglés)
Finalidade:

Supón que alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de: Utilizar a lingua oral e escrita en múltiples contextos e empregar de forma funcional a lo menos unha lingua estranxeira.

Contribución de distintas áreas:

COMPETENCIA: COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA E. PRIMARIA
ÁREAS:
Ciencias sociais e naturais 7%
E. Artística 4 %
Relixión / valores sociais e cívicos 6 %
Lingua e literatura castelá e galega 45 %
Lingua estranxeira 32 %
Matemáticas 6 %

Ciencias sociais e naturais: análise do entorno, textos informativos, explicativos e argumentativos

E. Artística: explicación de procesos e solucións. Valoración da obra artística

Relixión / valores sociais e cívicos : debates e reflexións

Lingua e literatura castelá e galega : competencias sobre o uso xeral da linguaxe.

Matemáticas : incorporación da linguaxe matemática a expresión habitual.

Descrición de razoamentos e procesos: escoita de explicacións dos/das compañeiros/compañeiras.

Todo isto sempre mediante a utilización do vocabulario específico das áreas, e nos distintos intercambios comunicativos que se producen.

b).- COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT):

é a habilidade para utilizar e relacionar os símbolos, os números, as súas operacións básicas, e as formas de expresión e razoamento matemático: para producir e interpretar diferentes tipos de información, para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.

Finalidade: Supón que alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de utilizar espontaneamente, nos ámbitos persoal e social, os elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información para resolver problemas de situacións cotiás e tomar decisións

Contribución de distintas áreas:

COMPETENCIA: MATEMÁTICA E. PRIMARIA
ÁREAS:
Ciencias sociais e naturais 47 %
E. Artística 6 %
Matemáticas 47 %

Ciencias sociais e naturais :técnicas e ferramentas matemáticas en contextos significativo de uso escaleiras, mesas, representacións, gráficas, porcentaxes...

Lingua e literatura castelá e galega : argumentacións. Lectura, comprensión literal, inferencia de enunciados para resolver problemas. Interpretación e expresión de informacións e datos.

Matemáticas :Aprendizaxe dos contidos, dirixido a súa utilidade por enfrontarse as ocasións nas que se empregan as matemáticas.

Ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información contrastándoa actuando é necesario e respectar as normas de conduta acordadas socialmente.

Contribución de distintas áreas:

COMPETENCIA: COMPETENCIA DIXITAL E. PRIMARIA
ÁREAS:
Ciencias sociais e naturais 17 %
E. Artística 8 %
Relixión / valores sociais e cívicos 9 %
Lingua e literatura castelá e galega 21 %
Lingua estranxeira 20 %
Matemáticas 21 %
E. Física 4 %

Ciencias sociais e naturais: procedementos que requiren códigos e linguaxes diversas para ser interpretadas.

E. Artística :demostración de procesos. Aproximación a creación de producións artísticas. Análise da imaxe , do son e das súas mensaxes. Deseño de situacións creativas.

E. Física : valoración crítica das mensaxes referidas ao corpo.

Lingua e literatura castelá e galega : Uso social e colaborador da escrita.

Composición de textos: planificación/ elaboración/revisión.

L. Inglesa :comunicación en tempo real con outras persoas. Acceso a información. Contextos reais e funcionais da comunicación.

Matemáticas : comprensión de informacións con cantidades e medidas.

Linguaxes gráficos e estatísticos. Uso da calculadora e ferramentas tecnolóxicas.

Relixión / valores sociais e cívicos:alfabetización dixital, busca de información e ampliación de coñecementos.

d). COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER: é a habilidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, leva consigo ser consciente do propio proceso de aprendizaxe e das necesidades de aprendizaxe de cada un, determinar as oportunidades dispoñibles, adquirir, procesar e asimilar novos coñecementos e capacidades, buscar orientacións e facer uso delas. Esta competencia fai que o alumnado se apoie en experiencias vitais e coas aprendizaxes adquiridas os poida aplicar a novos coñecementos e capacidades en diversos contextos como na vida privada, profesional, educación e formación. A motivación e a confianza son cruciais para a adquisición desta competencia.

Finalidade: Supón que alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de:

Xestionar e controlar as súas propias capacidades e coñecementos dende un sentimento de competencia ou autonomía persoal

Inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade cooperar ,de autoavaliarse e manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual, todo isto desenvolvido a través de experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes tanto individuais coma colectivas.

Contribución de distintas áreas:

COMPETENCIA: APRENDER A APRENDEER E. PRIMARIA
ÁREAS:
Ciencias sociais e naturais 18 %
E. Artística 16 %

Relixión / valores sociais e cívicos 11 %
Lingua e literatura castelá e galega 20 %
Lingua estranxeira 14 %
Matemáticas 16 %
E. Física 5 %

Ciencias sociais e naturais: técnicas para aprender e/ou traballar en equipo, tratar a información. Reflexionar sobre o aprendido.

E. Artística : experimentación con técnicas e materiais. Exploración sensorial, reflexión sobre os procesos de manipulación. Protocolos de indagación e planificación de procesos utilizables en outras aprendizaxes.

E. Física : coñecemento das propias posibilidades e carencias.

Relixión / valores sociais e cívicos: habilidades sociais, traballo en equipo, participación e argumentación.

Lingua e literatura castelá e galega: reflexión sobre a aprendizaxe persoal e regulación das emocións.

Matemáticas : uso de ferramentas matemáticas básicas, comprensión de información con apoios matemáticos, autonomía, perseveranza e esforzo para abordar situacións de complexidade crecente, sistematización, crítica e comunicación de resultados e verbalización de procesos.

Traballar a organización do pensamento, a construción de coñecementos e a confianza en si mesmo, reforzando e pensamento propio.

e). COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA: Esta competencia prepara as persoas para participar dun xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional, especialmente en sociedades cada vez máis diversificadas e para poder resolver conflitos dunha forma eficaz.

Prepara as persoas para participar plenamente na vida cívica grazas ao coñecemento de conceptos e estruturas sociais e políticas, ao compromiso de participación activa e democrática.

Para un bo coñecemento do funcionamento social favorecendo a educación en valores e actitudes positivas de apertura e acollida cara a todas as persoas independentemente da súa raza, cor, sexo ou situación persoal.

Finalidade: Supón que alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de:

Comprender a realidade social na que vive, afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado en valores éticos e prácticas democráticas.

